

# PROTOCOLO DE ACTUACIÓN SOBRE DELITOS SEXUAIS

Partido Xudicial de Santiago de Compostela

## ÍNDICE

I.	INTRODUCCIÓN .....	3
II.	ACTUACIÓN MÉDICO FORENSE.....	4
	<b>2.1. Normas para a preservación de mostras biolóxicas: .....</b>	<b>4</b>
	<b>2.2. Comunicación ao persoal médico forense e derivación a centro hospitalario:.....</b>	<b>5</b>
	VÍTIMA MENOR DE 14 ANOS:.....	5
	VÍTIMA MAIOR DE 14 ANOS.....	6
III.	PROPOSTA DE MEDIDAS QUE PODEN MELLORAR A ATENCIÓN Á VÍCTIMA OU A INVESTIGACIÓN DESTE TIPO DE DELITOS.....	7
IV.	MENORES E PERSOAS AFECTADAS POR DISCAPACIDADE QUE NECESITEN ESPECIAL PROTECCIÓN .....	10
	<b>4.1. Guía de intervención.....</b>	<b>10</b>
	<b>4.2. Esquema de intervención .....</b>	<b>13</b>
	<b>4.3. Principios inspiradores da práctica da proba preconstuída:.....</b>	<b>15</b>
	<b>4.4. Recomendacións para o desenvolvemento da entrevista:.....</b>	<b>15</b>
V.	CONTACTOS DE INTERESE: .....	17

## I. INTRODUCCIÓN

Temas debatidos e consensuados no grupo de traballo formado para a elaboración dun protocolo sobre delitos sexuais:

## II. ACTUACIÓN MÉDICO FORENSE

### 2.1. Normas para a preservación de mostrás biolóxicas:

Débenselle indicar á vítima as seguintes consideracións:

#### NON DEBE LAVAR NINGUNA PARTE DO SEU CORPO

• **Xustificación:**

- Pódese perder o ADN depositado na zona lavada. Debemos lembrar que é frecuente atopar restos de saliva en cara e pescozo, seme en zona peribucal, man e antebrazo...

#### NON DEBE OURIÑAR

• **Se non pode evitarse:**

- Recoller ouriños e anotar hora. Esta mostra deberá ser entregada ao persoal médico forense no menor tempo posible.
- Indicarlle á vítima a necesidade de que o secado se realice a través de suaves toques co papel, nunca por frotamento.

• **Xustificación:**

- Protección das mostrás de toxicoloxía. Os tóxicos utilizados en submisión química elimínanse a través desta vía.
- Protección de ADN. O frotamento da zona xenital con papel pode supoñer o arrastre de material xenético.

#### DEBE EVITAR METERSE AS MANS NOS PETOS DE FORMA REITERATIVA, OU FREGALAS

• **Xustificación:**

- As formas máis habituais de defensa son rabuñar e tirar do pelo. Nestes casos pódense atopar restos de células epiteliarias en pelo e uñas.
- O meter as mans en petos ou fregalas favorece que o pulpezo se separe da uña e pérdase o material xenético alí depositado.

#### DEBE EVITAR FREGARSE O PESCOZO, OS PULSOS E ANTEBRAZOS COAS MANS OU COA ROUPA (BUFANDAS...)

• **Xustificación**

- Preservar posibles lesións de agarre.
- Preservar ADN: O pescozo é, xunto coa zona peribucal, a localización na que máis frecuentemente se atopan restos de saliva.
- O antebrazo é, xunto a zona peribucal, a localización na que máis frecuentemente atopamos restos de seme en caso das penetracións bucais.

#### NON DEBE COMER NIN BEBER

• **Se non pode evitarse:**

- Previamente débese, se é posible, pasar dous hisopos entre os dentes e as marxes das enxivas; debaixo da lingua e padal. Se non se posúe de material necesario: solicitar que faga enxaugue con soro fisiolóxico ou, na súa falta, auga embotellada e recoller contido. Esta mostra deberá permanecer en neveira e ser entregada ao persoal médico forense no menor tempo posible.


• **Xustificación**

- Preservación de mostrás de ADN en caso de penetración oral.


#### EN CASO DE PENETRACIÓN ANAL, NON DEBE DEFECAR

## 2.2. Comunicación ao persoal médico forense e derivación a centro hospitalario:

### VÍTIMA MENOR DE 14 ANOS:



VÍTIMA MAIOR DE 14 ANOS



### III. PROPOSTA DE MEDIDAS QUE PODEN MELLORAR A ATENCIÓN Á VÍCTIMA OU A INVESTIGACIÓN DESTE TIPO DE DELITOS

**1. TAN PRONTO SE PRODUZA A DETENCIÓN, PEDIR AO DENUNCIADO QUE, DE FORMA VOLUNTARIA, ACUDA AO SERVIZO DE PREVENTIVA DO HOSPITAL CLÍNICO PARA A REALIZACIÓN DE PROBAS DE ENFERMIDADES DE TRASMISIÓN SEXUAL (SIDA, HEPATITE...).**

Os actuais protocolos médicos, para a prevención de posibles enfermidades de transmisión sexual en casos de agresión sexual, baséanse na administración de toda unha batería de fármacos que poden carrexar importantes efectos secundarios. Ademais disto a vítima deberá ser sometida a controis periódicos ata que desapareza o risco de desenvolvemento destas enfermidades. Este tempo de incerteza pode chegar aos 9 meses.

Este prexuízo para a vítima minguaría dunha forma moi considerable se o detido aceptase facerse as probas oportunas.

**2. CENTRALIZAR A EXPLORACIÓN MÉDICA DESTE TIPO DE DELITOS NO HOSPITAL CLÍNICO DE SANTIAGO.**

A proposta dunha centralización está recollida en case todos os protocolos desta natureza. A explicación é sinxela: a maior centralización maior probabilidade de especialización e maior adquisición de experiencia o que á súa vez propicia mellores resultados.

**3. REACTIVACIÓN DO PROTOCOLO DE ACTUACIÓNS HOSPITALARIAS PREVIAS Á EXPLORACIÓN MÉDICO FORENSE PRESENTADO NO ANO 2014.**

O SERGAS comprométese a dita reactivación, o cal permitirá:

- Que o servizo de Urgencias conte co material necesario para a exploración forense: tubos especiais para a recollida de mostras de submisión química, azul de toluidine.
- Que as mostras que desaparecen de forma excesivamente precoz, podan ser recollidas de forma inmediata por persoal médico asistencial (exemplo mostra de sangue en casos de submisión química).
- Que o departamento de xinecoloxía do Hospital conte co material e os coñecementos mínimos necesarios para a recollida de mostras naqueles casos nos que, por razóns de urxencia vital e/ou médica, a recollida non poida ser demorada até a chegada do persoal forense.

**4. Insistir na **necesidade de que IMELGA asuma este protocolo de actuación** e que todo o persoal médico forense actúe dá forma descrita.**

**5. Que o persoal psicolóxico da oficina de atención á vítima ou da quenda de garda psicolóxica de atención 24 horas (conveniada entre a Secretaría xeral da Igualdade e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia) **poda efectuar o acompañamento da vítima no centro hospitalario**, excluíndo do anterior a súa presenza durante a exploración a realizar polo persoal médico forense e persoal sanitario, e sempre que dispoñan do consentimento expreso da vítima. Esta última tamén poderá estar acompañada pola persoa de confianza que designe a tal fin.**

6. Aclárase que **a vítima debe ser informada de que no caso de optar por non denunciar, as mostrax tomadas polo persoal médico forense poderían ser enviadas igualmente a analizar se o Ministerio fiscal**, ponderando os intereses en conflito, decidise interpoñer querela.
7. O persoal médico forense e as forzas e corpos de seguridade que atendan a unha vítima dun delito sexual **deben poñer en coñecemento do xuíz/a de garda dita circunstancia** á maior brevidade posíbel.
8. **A primeira actuación das forzas e corpos de seguridade deberá ser dar protección á vítima e consignar o relato espontáneo que esta sexa capaz de verbalizar**, sen tentar que nese momento inicial facilite detalles ou efectúe un relato completo sobre a agresión sufrida.
9. **As forzas e corpos de seguridade están lexitimados para realizar dilixencias de investigación a prevención** ao abeiro do disposto non artigo 13 LACR, aínda que non se teña formulado denuncia pola vítima, o que inclúe a posibilidade de efectuar unha inspección ocular e reportaxe fotográfica do lugar dos feitos, recadar a identidade de testemuñas directas ou indirectas, localizar e visualizar imaxes das cámaras de seguranzas e similares.
10. **A denuncia poderá formularse verbalmente.**
11. **Diferenciar o concepto de denuncia como condición de procedibilidade**, na que abonda coa manifestación de ter sido vítima dun determinado delito, facilitación de datos sobre a identidade do autor no caso de ser coñecido ou a súa descrición no caso de non selo, así como a localización temporo-espacial do delito.
12. **Fronte á denuncia, a declaración da vítima é fonte de proba**, e como tal debe ser preservada da contaminación que supón a repetición do relato ante diversas instancias, alén da intensa vitimización secundaria que isto produce. Por tanto, debe ofrecerse á vítima a opción de formular unha denuncia completa en dependencias policiais, ou de

limitarse a manifestar os extremos imprescindíbeis xa expresados, ou mesmo de limitarse a manifestar verbalmente a súa intención de denunciar, ou de efectuar tal declaración unicamente en dependencias xudiciais. En todos os casos, deberá ofrecérselle asistencia e acompañamento psicolóxico ben a través dá oficina de asistencia á vítima ben a través dá quenda de 24 horas. No caso de que a vítima manifeste a súa preferencia por prestar denuncia-declaración perante ou xulgado, deberá comunicarse inmediatamente ao xuíz/a de garda para tentar organizar dita dilixencia á maior brevidade posíbel. Dita dilixencia deberá ser gravada, e para a súa práctica deberá ser citado o/a fiscal de garda e o/a letrado/a da defensa no caso de que no intre en que se sinale xa exista autor coñecido e letrado/a designado/a. A gravación efectuarase a través do sistema existente nos xulgados, coa sinatura electrónica dos Letrados/as da Administración de Xustiza, con valor de acta conforme ao previsto no artigo 146.2 da Lei de axuízamento civil.

As forzas e corpos de seguridade intentarán que na medida do posíbel dentro das súas limitacións organizativas, as denuncias sexan recollidas por persoal pertencente aos grupos especializados na investigación deste tipo de delitos

13. Insistir na **necesidade de que se estenda ás vítimas destes delitos o dereito á asistencia xurídica gratuíta desde a primeira actuación con relevancia procesual**: denuncia en dependencias policiais ou xudiciais.
14. **Conveniencia de que polo IMELGA se estableza un rexistro de agresións sexuais** que permitan ao persoal médico forense detectar a existencia de delitos sexuais con dinámicas similares que apunten a unha común autoría.
15. **Necesidade da existencia de persoal psicólogo forense de garda en días de fin de semana e feriados.**
16. **Debe posibilitarse ao persoal médico forense o exame do presunto autor do**



**delito** tanto para a consecución de vestixios relevantes para a investigación, como para reducir os efectos da intervención médica preventiva que debe efectuarse sobre a vítima.

**17. O persoal médico forense debe evitar introducir un relato sobre os presuntos feitos acontecidos nos seus relatorios.**

Así mesmo as forzas e corpos de seguridade que realicen a primeira intervención coa vítima deberán evitar consignar un relato moi extenso sobre a dinámica e detalles do feito delitivo, pois dada a situación de grande afectación emocional da vítima nese momento inicial non constituirá un relato coherente e xerará a constatación de contradicións co relato que aquela poda prestar, cando tras recibir asistencia psicolóxica e atoparse fora do lugar dous feitos e nun escenario menos hostil, poda ofrecer a modo de declaración.

**18. É importante que as forzas e corpos de seguridade que atendan á vítima no momento inicial, alén de facer constar no atestado o relato espontáneo da vítima, no caso de que exista e coas precaucións antes expresadas, se **faga constar cal é a situación anímica na que atopa a vítima;** o estado da súa vestimenta e a descrición das lesións aparentes que presente.**

Que se lle pregunte tanto á vítima como ás testemuñas directas ou referenciais que podan ser localizadas se teñen imaxes ou mensaxes relevantes para a causa gravadas nos seus teléfonos móbiles, e en caso afirmativo se lles exhorte a conservalos para ser postos a disposición xudicial. Neste caso tamén se procederá a incautación do teléfono do presunto autor no intre da súa detención para ser posto a disposición xudicial como peza de convicción.

No caso de que a detección ou notificación se efectúe nos Servizos Sociais ou Centro de Información a Muller, realizarase a derivación ó xuíz/a de garda ou corpos e

forzas de seguridade, respectando o dereito a autodeterminación da vítima, e sempre que non sexa necesario previamente o acceso ós dispositivos de saúde. Se a vítima rexeita acudir as estancias indicadas, realizarse comunicación ao Ministerio fiscal cos feitos recollidos.

Dende os Servizos Sociais ou Centro de Información á Muller, valorarase tendo en conta a situación socio-económica, familiar, e sanitaria da vítima o acceso a recursos de protección social, que poden ser específicos para vítimas de violencia de xénero.

**19. A persoa representante da Secretaría Xeral da Igualdade comprométese a valorar a necesidade de ofrecer formación específica en materia de delitos sexuais ás psicólogas e psicólogos da quenda de garda da quenda de garda psicolóxica 24 horas, a través da colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. A Secretaría xeral da Igualdade comprométese igualmente a poñer a disposición de todas as vítimas de delitos sexuais, tanto a citada quenda de garda psicolóxica como a quenda de garda social, sempre que existan profesionais dispoñibles e se estime preciso.**

**20. Solicitarase á oficina de atención á vítima polo xuíz/a competente para coñecer da causa ou polo Ministerio fiscal ou a proposta dalgunha das partes, ou por iniciativa do propio persoal de atención psicolóxica á vítima, neste caso recadando o consentimento expreso da vítima ou da súa persoa representante leal esixido na Lei de estatuto da vítima, informe de avaliación individual no que se especifiquen as medidas de protección que deben ser adoptadas ao longo do proceso penal para reducir ao máximo o risco de vitimización secundaria, relatorio que poderá ser actualizado cando tras o seguimento que corresponde efectuar á OAV se considere necesario a modificación dalgunha das medidas propostas.**

## IV. MENORES E PERSOAS AFECTADAS POR DISCAPACIDADE QUE NECESITEN ESPECIAL PROTECCIÓN

### 4.1. Guía de intervención

1. Os servizos sociais, os centros educativos, as residencias, centros e asociacións nas que se atopen escolarizados, ingresados ou desenvolvendo tarefas ocupacionais persoas menores ou con discapacidade **comunicarán** á Fiscalía de Área de Santiago de Compostela calquera información que reciban sobre unha presunta agresión *ou abuso sexual relativo a algún dos colectivos expresados. Dentro do ámbito das súas posibilidades e competencias poderán recadar o máximo de información posíbel sobre a sospeita delitiva, podendo a tal fin tomar testificais referenciais, levar rexistros de conduta no que se anoten as mudanzas de comportamento da persoa menor* ou con discapacidade que podan ser suxestivas de estar sendo vítima dun delito sexual, conservarán os debuxos, anotacións ou escritos que espontaneamente a persoa afectada confeccione, e en xeral todas aquelas que axuden ao esclarecemento do presunto delito pero evitando pedirle expresamente un relato. No caso de que se ofrezca espontaneamente dito relato realizarase un rexistro escrito do xeito máis literal ao expresado pola vítima, e en ningún caso se lle solicitará que o reitere ante terceiras persoas.

Resulta de enorme relevancia que nos casos de delitos intrafamiliares cometidos sobre persoas menores ou con discapacidade os servizos sociais informen ao Ministerio fiscal ou xuíz/a de garda do xeito máis completo posíbel sobre a súa estrutura familiar, familiares ou persoas achegadas que poderían asumir temporalmente a garda da persoa menor ou con discapacidade, ou dos dispositivos asistenciais existentes nos casos nos que a vítima careza dunha rede familiar

ou social de apoio. No caso de que se trate dunha mera sospeita comunicarse ao Ministerio fiscal co fin de que polo mesmo se valore a oportunidade de incoar unhas dilixencias de investigación.

De precisarse o traslado da persoa menor ou con discapacidade a dispositivos sanitarios, e sempre que non puidese desprazarse acompañado por unha persoa adulta/titora responsable por medios propios, efectuarase o debido acompañamento por parte do/da profesional de referencia de servizos sociais

2. O Ministerio fiscal unha vez recibida a referida información **ponderará** a gravidade dos feitos comunicados, podendo segundo o caso e a urxencia que requiran proceder ao seu inmediato traslado ao xuíz/a de garda ou a incoar unhas dilixencias de investigación.
3. O Ministerio fiscal instará a inmediata **adopción de medidas de protección** sempre que se trate dun delito sexual intrafamiliar e a persoa menor ou con discapacidade conviva co presunto autor.

As medidas de orde penal instaranse perante o xuíz/a de garda, ao igual que as relativas á suspensión da patria potestade, custodia, tutela ou réxime de estancia e visitas. Así mesmo a situación da vítima será posta en coñecemento do Servizo de protección de menores da Xunta de Galicia se polo Ministerio fiscal se considerase que podería atoparse en situación de desamparo.

No caso das persoas con discapacidade incapacitadas xudicialmente o Ministerio fiscal promoverá, de ser o caso, as medidas de protección que considere idóneas como

a remoción da tutela ou a designación de defensor/a xudicial. No caso de persoas con discapacidade non incapacitadas xudicialmente o Ministerio fiscal instará igualmente as medidas de protección que considere necesarias.

De xeito paralelo dende os Servizos Sociais de referencia, xestionarase o **acceso aos recursos/servizos** que se consideren necesarios en función da situación socio-familiar, económica e de saúde, da persoa con discapacidade. Cando se considere necesaria a separación do entorno de convivencia da persoa con discapacidade efectuarase a comunicación ó Servizo Galego e Atención a Dependencia para valorar mediante o procedemento de emerxencia social, o acceso a un equipamento residencial.

4. Igualmente as forzas e corpos de seguridade que teñan coñecemento dun presunto delito sexual cometido no ámbito familiar cando a vítima sexa unha persoa menor ou con discapacidade **comunicarán** dito extremo ao Servizo de protección de menores, ao Ministerio fiscal e ao Xuíz/a de garda.
5. As forzas e corpos de seguridade **non procederán á exploración ou toma de declaración das vítimas menores de delitos sexuais en dependencias policiais**. Excepcionalmente, cando esta teña máis de 16 anos e os feitos a xuízo da persoa axente instrutora do atestado non revistan gravidade, e a persoa menor non mostre unha especial afectación emocional, ou outras circunstancias persoais ou psicopatolóxicas que dificulten ou comprometan a súa expresión verbal dos acontecementos (discapacidade cognitiva, patoloxía psíquica, situación sociofamiliar de alta vulnerabilidade, etc.) poderá tomarlle declaración en ditas dependencias. Nese caso solicitarán ás persoas proxenitoras ou titoras autorización para que dita toma de declaración non sexa na súa presenza, e o anterior para evitar a falta de espontaneidade no seu relato.
6. As forzas e corpos de seguridade elaborarán nestes casos o seu atestado incluíndo os

**testemuños de referencia** que poidan obter das persoas proxenitoras, titoras, familia, amizades, persoal de orientación dos centros de ensino, profesorado, persoal laboral dos centros, residencias ou asociacións onde as vítimas estuden ou residan ou desenvolvan actividades ocupacionais, ou ao persoal facultativo que teñan asignado.

Tamén practicarán as restantes **dilixencias de instrución** xa aludidas neste protocolo para o caso das vítimas maiores de idade.

7. O Ministerio fiscal solicitará ao xuíz/a de garda que a **declaración** da persoa menor ou con discapacidade vítima destes delitos se practique exclusivamente en **dependencias xudiciais**, coa salvedade antes aludida para as persoas maiores de 16 anos. Tamén promoverá que no caso de atoparse identificado o presunto autor a declaración da vítima se efectúe cos requisitos esixidos na Lei de axuízamento criminal para a **proba preconstituída**. Tamén intentará que dita proba preconstituída sexa reproducida no acto de xuízo oral evitando así a vitimización secundaria que se causa á persoa menor ou con discapacidade que debe prestar nova declaración no acto de xuízo.
8. O xuíz/a de garda, tanto de oficio como a petición do Ministerio fiscal, da acusación particular ou das persoas representantes legais ou gardadoras de feito da vítima, adoptará todas as medidas necesarias para que as persoas menores e persoas con discapacidade presten exclusivamente **declaración en dependencias xudiciais**, coa salvedade xa expresada. Dita declaración sempre será gravada mediante o sistema que exista en cada xulgado.  
  
Tamén velarán para que dita declaración sempre que sexa posíbel se practique con valor de **proba preconstituída**.
9. Para a toma de declaración da persoa menor ou con discapacidade se fará uso da **Sala Gesell** actualmente en preparación nos xulgados de Santiago. En tanto en canto dita sala non se atope habilitada, para toma de

declaración o xulgado solicitará dúas salas conectadas por un sistema de videoconferencia, de xeito tal que a declaración da vítima nunca se practique na sala na que se atopen presentes o xuíz/a, a fiscalía-e-avogado/a da defensa.

10. O persoal de asistencia psicolóxica da OAV realizará o **acompañamento, preparación e asistencia** da persoa menor ou con discapacidade antes, durante e despois da declaración. As persoas con discapacidade que acudan a centros especializados tamén poderán ser acompañadas por terapeutas, persoal coidador, traballadoras/es sociais ou persoal da súa confianza.

A tal fin o día programado para declaración a persoa menor ou con discapacidade será citada polo xulgado para comparecer en primeiro lugar perante o profesional psicólogo da oficina de atención á vítima.


11. A **exploración** da persoa menor ou con discapacidade será realizada por profesionais de asistencia psicolóxica forense segundo nos atopemos ante un procedemento de Dilixencias previas ou sumario. O Xuíz/a, fiscalía e letrados/as non dirixirán preguntas directamente á vítima senón sempre a través de ditos profesionais.
12. Remisión de copia da **documentación do expediente xudicial** necesaria para a realización das súas funcións ao persoal de atención psicolóxica da Oficina de Atención á Vítima(OAV) e do Imelga.
13. Tras a realización da proba preconstituída ou exploración xudicial a persoa será atendida nas dependencias da OAV polo persoal da oficina.
14. Con anterioridade á realización da proba preconstituída, valorar a posibilidade de


**solicitar a elaboración de informes periciais posteriores** (credibilidade do testemuño, dano psicolóxico, etc...) á/ao psicólogo/a forense, co obxecto de que se facilite a este equipo de profesionais aproveitar este momento para avanzar no estudo da vítima co obxecto de satisfacer a pericia interesada e non revitimizarla, mediante unha valoración nun momento posterior. Para iso unha vez, terminada a proba preconstituída, poderase proseguir coa referida valoración sempre que se considere oportuno. En determinados casos, segundo o obxecto da pericia e as circunstancias do/a menor e/ou incapaz será necesario a realización dunha entrevista complementaria.

15. Con respecto ao momento do axuízamento, no caso de que non se considere procedente o uso da proba preconstituída, como medio para que o/a menor/ ou persoa con discapacidade non participe na vista, establecer a recomendación de que se solicite ás psicólogas/os de o Imelga unha **valoración forense sobre a capacidade para declarar destes**.
16. Polo xulgado encomendarase ao persoal da Oficina de Atención á Vítima que emita o correspondente **informe de avaliación individual** que conteña as medidas de protección que considere idóneas para a salvagarda psíquica do/a menor ou persoa con discapacidade durante todo o procedemento. Dito relatorio solicitarase de oficio polo xuíz/a ou fiscalía ou a proposta dalgunha das partes, ou por iniciativa da propia oficina de atención á vítima, neste caso recadando o consentimento expreso da vítima ou da persoa que a represente legalmente esixido na Lei de Estatuto da vítima.

4.2. Esquema de intervención

**Servizos sociais, os centros educativos, as residencias, centros e asociacións**





#### 4.3. Principios inspiradores da práctica da proba preconstuída:

- **Principio de protección** que se materializa en proporcionarlle un contexto no que a persoa se sinta cómoda, ofrecéndolle unha contorna de tranquilidade e confianza no que poida expresarse libremente (apoio do persoal de asistencia psicolóxica da Oficina de Atención á Vítima).
- **Principio de adecuación ás concretas circunstancias de cada vítima vulnerable.** Exploración atendendo ás características psicolóxicas da vítima, o grao de desenvolvemento emocional e as súas capacidades cognitivas (pensamento e linguaxe) esixirán da persoa entrevistadora adaptar as preguntas en función destas circunstancias.
- **Principio de intimidade:** procura dunha contorna na que se minimicen todas aquelas circunstancias que poidan coartar á vítima vulnerable (características que remarquen a autoridade da persoa entrevistadora).

#### 4.4. Recomendacións para o desenvolvemento da entrevista:

- a. **Fase introdutoria** (levada a cabo polo persoal de asistencia psicolóxica do OAV e o/a psicólogo/a forense). O obxectivo fundamental é o establecemento do rapport coa vítima, prepararlle para o desenvolvemento da proba, valorar o seu nivel de desenvolvemento cognitivo e apreciar o desenvolvemento das súas habilidades sociais. Tamén serve para favorecer a atención e a sensación de seguridade. Principais pasos a seguir:
  - i. Recepción e presentación da persoa entrevistadora.
  - ii. Preguntar o seu nome completo, idade, se coñece o lugar no que se atopa, ensinarlle o espazo físico no que se realizará a proba, presentarlle aos diferentes operadores e operadoras xurídicas e explicarlle a súa función.
  - iii. Aclaración do marco da entrevista.
  - iv. Aclaración sobre as limitacións da confidencialidade.
- b. **Establecemento das regras da entrevista:** escoitar atentamente as preguntas, non apresurándose a contestar. Que conte todo o que lembre, aínda que pense

que non é importante, pero só do que estea segura. Pode rectificar cando dixese algo erróneo. Se se lle pregunta por algo que non sabe, que diga que non o sabe. Se se lle pregunta por algo que non se acorda, que diga que non se acorda. Se non comprende unha pregunta, que o diga. Se se lle pregunta por algo de forma incorrecta, que previamente achegou, que corrixa a persoa entrevistadora. Se se lle pregunta varias veces polo mesmo aspecto, non significa que as súas respostas están equivocadas senón que a persoa que fai a entrevista pode estar confusa. Advertirlle que se lle vai gravar a entrevista e explicarlle o motivo da importancia diso e Informarlle onde van estar os operadores e operadoras xurídicas e a súa familia.

- c. **Comprensión dos conceptos verdade e mentira.**
- d. **Fase de transición.** Os obxectivos serán afianzar o rapport, avanzar na exploración das habilidades cognitivas e sociais, adestrarlle na técnica de narración libre, e avaliar a súa forma de recordo.
- e. **Fase substantiva ou de obtención do relato:** a meta é obter un relato o máis extenso e exacto posible sobre os feitos investigados: 1º relato libre. 2º entrevista forense: preguntas abertas, exploratorias, etc... Débese obter información sobre estas cuestións: quen?; cando?; onde?; frecuencia?; como?; circunstancias do delito; persoas implicadas, etc...  
  
Cando o persoal técnico termine a súa intervención, fará unha pausa e dirixirase ata a sala en que se atopen os operadores e operadoras xurídicas: transmisión de preguntas.
- f. **Fase de peche.** Orientada a restablecer un ton emocional positivo.



## V.CONTACTOS DE INTERESE:

Para contactar coa FUNGA fora das horas de horario de atención:

**666.467.171 e 666.467.173.**

Para xestionar o ingreso dunha persoa nun centro en situación de emerxencia:

**Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade:**

En horario laboral:

*Teléfonos:* 981547320/547437

*Correos electrónicos:* [autonomiapersoal.xp@sunta.es](mailto:autonomiapersoal.xp@sunta.es);

[dxmaioresdiscapacidade.politicasocial@xunta.es](mailto:dxmaioresdiscapacidade.politicasocial@xunta.es)

En horario non laboral:

*Teléfono social:* 900 333 666

Para contactar coa OAV:

Persoal de información: 981 54 03 58

Persoal de asistencia psicolóxica: 881 99 71 46

Persoal traballo social: 981 54 04 83

Para contactar coa quenda de ATENCIÓN PSICOLÓXICA DE GARDA:

Teléfono 24 horas: 900 400 273